

**VI. ANUNCIOS****C) OUTROS ANUNCIOS****AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO**

*ANUNCIO de convocatoria dunha praza de persoal laboral fixo.*

A Autoridade Portuaria de Vigo, ao abeiro do establecido no Real decreto 702/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2017, convoca probas selectivas para cubrir unha (1) praza de persoal laboral fixo, polo procedemento de concurso-oposición:

- 1 responsable de Recursos Humanos e Organización.

As bases da convocatoria e os impresos de solicitude están dispoñibles no taboleiro de anuncios e na páxina web da Autoridade Portuaria de Vigo [www.apvigo.com](http://www.apvigo.com), na páxina web do organismo Puertos del Estado [www.puertos.es](http://www.puertos.es) e na páxina [www.administracion.gob.es](http://www.administracion.gob.es).

As solicitudes deberán presentarse, no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, no Rexistro Xeral da Autoridade Portuaria de Vigo, das 9.00 ás 14.00 horas, nos rexistros a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, ou telematicamente a través da páxina web <https://sede.apvigo.gob.es>. Se o último día do prazo coincide en sábado, domingo ou festivo, este finalizará o seguinte día hábil.

Vigo, 17 de decembro de 2018

Beatriz Colunga Fidalgo  
Directora da Autoridade Portuaria de Vigo

